



concello de neda

## BASES PARA A PARTICIPACIÓN NA CAMPAÑA “A SUPERCOMPRA GRATIS DE NEDA”

### PRIMEIRA.- OBXECTO E DESCRICIÓN

“A supercompra gratis de Neda” é unha iniciativa coa que o Concello de Neda busca apoiar, nun contexto socioeconómico difícil, marcado pola pandemia, o comercio de proximidade. Farao a través do sorteo de tres cheques regalo entre as persoas que merquen nos establecementos nedenses participantes. Deste xeito, pretende recompensar a fidelidade dos compradores habituais e, ao tempo, servir de acicate para ampliar a base de clientes finais, buscando, fundamentalmente, que tanto a xente que vive, como a que pasa pola localidade merquen en Neda.

### SEGUNDA.- CONDICIÓNS DE PARTICIPACIÓN

Poderán participar exclusivamente persoas maiores de idade, que fagan unha **compra mínima de 10 euros** nalgún dos establecementos locais, que se sumen á campaña, orientada a negocios de alimentación; téxtil, moda e complementos; papelería e agasallos en xeral (xoias, flores, óptica); electrodomésticos, bricolaxe, servizos de estética, alimentación de mascotas, e venda de produtos agrícolas.

O Concello entregará a cada un dos negocios participantes as papeletas que soliciten, previo ao arranque da campaña, para o seu reparto entre a clientela dende o **20 de outubro ao 6 de novembro** (ambos os dous días incluídos). Ademais, facilitará o cartel da campaña e a urna de cartón para o depósito dos boletos. Materiais promocionais, que deberán estar colocados nun lugar ben visible.

### TERCEIRA.- PREMIOS

**Tres (3) vales regalo por importe de douscentos (200) euros cada un**, que terán que canxearse -no día e horas fixados polo Concello- por compras nun ou en varios dos establecementos adheridos á iniciativa.

### CUARTA.- MECÁNICA DO SORTEO, NOTIFICACIÓN DE GAÑADORES/AS, E ENTREGA

Os clientes e clientas que, cumprindo os requirimentos establecidos, queiran participan no sorteo, deberán cubrir a papeleta cos datos de contacto e depositala na urna ou caixa, que estará á súa disposición tanto no propio negocio ou na Casa da Cultura.

Unha vez finalizada a promoción, as persoas titulares dos negocios terán que entregara a urna, debidamente precintada, na Casa do Concello, onde terá lugar o **sorteo o 10 de novembro**. En presenza do secretario municipal, abríranse e baleirarase as caixas entregadas, xuntándose as papeletas recollidas na totalidade dos negocios, e, deseguido, extraeranse ao azar as papeletas gañadoras.

Os premios serán non acumulables polo que, no caso de que saían dous boletos da mesma persoa, procederase a extraer outro ata que haxa tres gañadores/as diferentes. E non se aceptarán como gañadores aos familiares de primeiro nin segundo grao dos titulares dos negocios nin eles mesmos cando o ticket corresponda ao seu propio establecemento.

O Concello de Neda contactará na mesma xornada do sorteo coas persoas agraciadas para convocalas á entrega simbólica dos vales regalo, que terán que gastar no día que se fixe nun prazo máximo de 120 minutos.

### QUINTA.- TRATAMENTO DE IMÁXENES E DATOS

Como consecuencia da participación no sorteo o Concello de Neda recollerá os datos que os clientes e as clientas terán que incluír nas papeletas. A entidade local só tratará os datos para a xestión do sorteo e, unha vez finalizado, sen reclamación algunha, serán cancelados. A base lexítima do tratamento é o consentimento que prestan as persoas que, de forma voluntaria, aportan os seus datos. O nome das persoas agraciadas e a súa imaxe poderá publicarse en medios de comunicación e redes sociais municipais.

### SEXTA.- ACEPTACIÓN DE BASES

A participación no sorteo supón a aceptación íntegra das presentes bases por parte dos negocios e da clientela.

Neda, a 15 de outubro do 2021